

GUÍA DO CURSO “INICIACIÓN AO ENSINO MIXTO”

Descrición do curso:

A situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola Covid-19 esixiu facer modificacións de calado profundo na práctica educativa en tempo récord. Este curso é resultado dun proceso de sondaxe e investigación levado a cabo co fin de proporcionar ideas para o deseño de experiencias de aprendizaxe significativas ao tempo que flexibles. É dicir, dada unha situación de incerteza (como a actual ou outras que poidan ocorrer no futuro), o ensino mixto, abordado desde equipos coordinados horizontalmente, pode proporcionar a flexibilidade necesaria para garantir a continuidade da práctica educativa, ben sexa nun espazo presencial ou virtual.

Neste curso ofrécense achegas de profesionais e institucións sobre o ensino mixto. Así mesmo, explóranse outras modalidades de ensino co obxectivo de ver que aspectos destes se poden incorporar á propia práctica. Proponse un modelo de coordinación horizontal para facer escollas e reimplantar un deseño de secuencias didácticas curtas e, de ser posible, integradas. Por último, analízase o ecosistema dixital galego e como este pode servir a eses fins en tanto nos permite organizar e estruturar o noso traballo nun espazo virtual.

Obxectivos

- 1.Organizar unha alternativa ao ensino presencial a través das ferramentas dixitais institucionais.
2. Analizar e aproveitar as posibilidades didácticas das ferramentas institucionais para o ensino mixto ou como apoio ao ensino presencial.
- 3.Integrar o manexo das ferramentas institucionais na docencia, a comunicación e a xestión de contidos educativos.

Contidos

1. Plataformas institucionais de xestión da aprendizaxe: manexo para a organización da docencia mixta.
- 2.Posibilidades didácticas das ferramentas de comunicación síncrona e asíncrona para o desenvolvemento da docencia mixta.
- 3.Ferramentas e posibilidades de creación ou aproveitamento de contidos dixitais.

Competencias profesionais:

Segundo o modelo de competencias profesionais docentes da Rede de Formación da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a través deste curso formaraste prioritariamente nas seguintes competencias e subcompetencias:

Competencia: Educador/a guía no proceso de aprendizaxe e desenvolvemento do alumnado.

Refírese ao uso consciente por parte do profesorado das súas capacidades, habilidades, coñecementos e ferramentas para xerar e motivar procesos de aprendizaxe no alumnado.

Subcompetencia: 2. Didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfín. O/a docente dominará a didáctica específica da área, materia e/ou módulo correspondente así como as metodoloxías activas e inclusivas, facilitando a aprendizaxe activa tanto individual como en grupo. Na súa actividade docente, saberá integrar a metodoloxía didáctica en ambientes virtuais, mixtos ou presenciais facendo un uso eficiente das TIC. Definirá as necesidades de formación, buscándoa, avaliándoa e comunicándoa. Saberá transformar, estruturar e xestionar a información eticamente, comprendendo as características e papeis dos distintos medios. Tamén apoiará o desenvolvemento destas capacidades no alumnado. Creará un ambiente persoal de aprendizaxe dixital e fomentará o mesmo proceso no alumnado. O seu traballo será motivador no pensamento crítico nos alumnado.

Partindo da experiencia propia analizarás os fundamentos do b-learning, e-learning, as metodoloxías en remoto e os criterios de calidade aplicables para poder logo integralas en ambientes virtuais de aprendizaxe, ambientes mixtos ou presenciais con apoio TIC.

Competencia: Investigador/a e innovador/a

Refírese á capacidade do docente de aplicación de novas ideas, propostas e prácticas educativas coa finalidade de mellorar, concretamente, o desenvolvemento das competencias dos/as alumnos/as e o servizo educativo, en xeral.

Subcompetencia: 17. Investigación formativa. TAC. Alfabetización mediática e informacional. Será desexable investigar constantemente aplicando o aprendido á práctica educativa. Para iso é preciso amosar interese pola actualización constante de coñecementos e habilidades, pola experimentación e innovación na práctica docente e en novas metodoloxías e por estar á vangarda educativa e

innovar. Para iso dominará as técnicas precisas para buscar e obter información relevante, avaliándoa de xeito crítico e usándoa con ética, así como actualizando constantemente os coñecementos e estratexias precisos para desenvolver esta tarefa. É salientable a importancia da actualización e investigación formativa permanente no eido das tecnoloxías da aprendizaxe, que mudan de xeito vertixinoso, e para as que non sempre se atopa oferta formativa institucional

Metodoloxía:

A presentación secuenciada de contidos pretende ir formulando casuísticas e ferramentas para afrontalas. Non se trata especificamente de prepararse para o ensino a distancia, senón de aproveitar recursos existentes para o día e día e que eses mesmos recursos permitan, en caso de ser necesario, unha adaptación máis sinxela ao ensino a distancia.

As tarefas que se formularán serán propostas para levar a cabo na propia aula ou a través da aula virtual.

Finalmente, e en base ao traballo realizado, faremos un banco de boas prácticas no propio colexio.

Comunicación:

Aínda que compartamos centro de traballo e a maior parte das comunicacións se realizarán en persoa, é conveniente que empreguemos tamén os foros específicos de cada apartado para compartir dúbidas, reflexións... Isto pode axudar a que entendamos o funcionamento desta opción que nos ofrecen tanto a aula virtual como a plataforma EVA.

Outra opción interesante será o emprego da mensaxería privada, que permite unha comunicación máis personalizada e específica.

Seguimento do curso:

Módulo 0: Introducción e guía do curso	
Temporalización	Do 14 ao 17 de outubro
Módulo 1: Casuísticas que nos podemos atopar	
Temporalización	Do 17 ao 21 de outubro
Módulo 2: a coordinación horizontal	
Temporalización	Do 21 ao 25 de outubro
Módulo 3: As ferramentas institucionais	
Temporalización	Do 25 de outubro ao 2 de novembro
Módulo 4: ferramentas complementarias	
Temporalización	Do 2 ao 10 de novembro